



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Sanxenxo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Sanxenxo para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúan a realización das seguintes actuacións:

1.- LIÑA 1: MELLORA DE INFRAESTRUTURAS TURÍSTICAS

- Renovación de miradoiros de A Granxa e do alto da Carabuxeira: a actuación abranguerá a substitución dos murais de azulexos que se atopan nun alto grao de deterioro, por unha nova composición mural con foto panorámica descritiva da paisaxe.

Asemade, acondicionarase o entorno de ámbolos dous miradoiros (mellora do firme, limpeza do contorno, etc.)

- Elaboración do “Proxecto técnico de execución para a rehabilitación do Pazo de Quintáns”, na parroquia de Noalla (Sanxenxo).

2.- LIÑA 2: PROMOCIÓN TURÍSTICA





- Concerto Q de Calidade en data 28 de xullo na Praza do Mar de Sanxenxo.
- Elaboración de folletos promocionais do destino turístico Sanxenxo en varios idiomas e merchandising.
- Elaboración vídeo turístico do destino Sanxenxo en 5 idiomas.
- Renovación de web turística do destino Sanxenxo
- Elaboración dunha campaña de promoción turística de Sanxenxo (gastronomía, eventos musicais, compras, descanso, Nadal e ocio).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.





Cuarto. A través deste convenio, outórgase ao concello de Sanxenxo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

